



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 08/03/2021

**MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, Alcaldesa do Concello de Guntín.**

Asunto: Convocatoria de aspirantes a praza de 1 administrativo/a do Concello de Guntín.

Expediente: G47/2021

Conforme as Bases da convocatoria para a cobertura mediante concurso-oposición de 1 praza de administrativo/a do concello de Guntín a xornada completa e de duración determinada de data 13-12-2020, e o seu decreto de aprobación de data 15-12-2020 de número 2020-0280 foi publicada a lista definitiva de admitidos e excluídos dos aspirantes, o nomeamento do tribunal e a data, hora e lugar das probas (DÍA 29 DE XANERIO AS 10:00 HORAS)

Dada a situación epidemiolóxica e sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia e para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 a Xunta de Galicia ditou o Decreto 8/2021 de 26 de xaneiro con limitacións e excepcións da entrada e saída de persoas en determinados ámbitos territoriais, polo que se ditou a Resolución da Alcaldía de data 27/01/2021 (Decreto nº 0016) aprazando a realización das probas.

Dada a situación epidemiolóxica actual e o levantamento das restricións da Xunta de Galicia e polo que ,

RESOLVO:

1.- Convocar aos aspirantes para a realización das correspondentes probas o día 11 de marzo de 2021 as 10:00 horas na Casa da Cultura sita na Praza Nova (xunto a igrexa)

2.- Na Resolución da Alcaldía de data 21/01/2021 nomeábase como vogal do Tribunal a D. Miguel Angel Basadre Vázquez, o cal non pode asistir por circunstancias sobrevenidas, polo que será substituído por dna. María Dolores Rodríguez Gómez (Traballadora Social do Concello de Taboada)

Mándao e asina a Sra. alcaldesa, en Guntín, a 8 e marzo de 2021, do cal eu secretaria, dou fe.

A Alcaldesa,  
María José Gómez Rodríguez ,

Ante min, a Secretaria  
Nadia Díaz Vázquez

Documento asinado electronicamente

